



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

23 JUN. 2024 13:52:15

Entrada **31507**

Pregunta sobre a eliminación do Intercity de Lugo das 8:45h

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á supresión do Intercity con saída de Lugo ás 8:45h.**

Durante a súa visita a Lugo o pasado 14 de xuño o Ministro de Transportes anunciaba a recuperación da circulación ferroviaria entre Ourense e Lugo a partir do 24 de xuño, un tramo que permanecía fechado debido ás obras de electrificación e mellora na liña, unha actuación recollida no Acordo de Investidura asinado polo BNG na pasada lexislatura.

Así mesmo, explicou que se ían substituír os trens Intercity de Renfe por “un servizo de Alvia” que, segundo dixo, “ía permitir que a conexión con Lugo sexa a máis velocidade”. Este anuncio parecía positivo, pois permitiría unha mellora na conexión e que esta fose máis áxil. Porén, o Ministerio o que vai facer é eliminar o servizo de Intercity das 8.45h cara Madrid, máis sen a substitución prometida.

O Ministerio alega que o servizo queda cuberto ao restituír agora o Alvia das 10:50 que fora suprimido debido ás obras na estación de Clara Campoamor Chamartín para ampliar a praia de vías.

Este cambio o que fai e empeorar os servizo e dificultar os enlaces. O Intercity das 8.45h permitía o conectar en Ourense co Ave das 11:12 h. Agora, só será posíbel coller o tren procedente da Coruña e que sae de Lugo ás 8.54h. Mais este tren para en Monforte onde hai que coller un bus até Ourense. Os usuarios e usuarias saben que o tren até Monforte circula con demora polos

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

23 JUN. 2024 13:52:15

Entrada **31507**



traballos que se están a desenvolver de renovación da vía, co cal non se asegura chegar a tempo ao Ave en Ourense.

Neste sentido, o Ministerio debería ter analizado todos estes elementos antes de adoptar decisións como a eliminación de servizos cando non se asegura os enlaces con outros servizos e cando a mellora da infraestrutura entre Lugo-Monforte e Ourense está sen terminar.

Témonos dirixido en numerosas ocasións nos últimos meses ao Ministerio debido aos constantes problemas de recortes nos servizos que sofren os lugueses e luguesas como sucedeu coa supresión do servizo de autobús que trasladaba a Lugo aos viaxeiros que chegaban a Ourense no AVE das 23 horas. Afortunadamente, a presión política e social obrigou a Renfe a rectificar e restituír o servizo.

Existe un grande déficit en materia de infraestruturas en Lugo, especialmente ferroviarias. As distintas comarcas de Lugo e a propia cidade quedaron fóra do mapa de modernización ferroviaria, pero non se pode tolerar a perpetuación desta situación de precariedade. Ademais, neste momento Lugo segue a contar con menos servizos que antes do inicio da pandemia, cando se eliminaron traxectos como o tren nocturno de Lugo a Barcelona, que tamén daba servizo a outras vilas como Monforte, San Clodio ou o Barco entre outras.

Así mesmo, a planificación realizada por RENFE dos servizos ferroviarios durante os traballos de mellora e electrificación tense demostrado que foron desastrosas e non garanten a adecuada mobilidade das persoas usuarias. As melloras das infraestruturas que son necesarias desde hai anos, teñen que ir acompañadas de mellores conexións e máis frecuencias, e non eliminando servizos. Pode entenderse que neste tempo en que se están a realizar as obras se deba ter pechado a circulación e que se produzan retrasos, mais o que non resulta admisíbel é que non se faga unha planificación racional e seria dos servizos e que se opte pola eliminación de servizos como o mencionado en lugar de pola ampliación.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:



1. Vai rectificar o Ministerio a decisión de suprimir o Intercity que sae de Lugo ás 8.45h por ser unha medida que reduce os servizos e dificulta as conexións para as persoas usuarias de Lugo?
2. Porqué decidiu suprimir un servizo sabendo que se dificulta que os lugueses e luguesas cheguen a tempo ao enlace do AVE que sae de Ourense ás 11.12 h?
3. Vai repoñer os servizos e frecuencias existentes antes da pandemia?
4. Ten previsto que, unha vez finalizadas as actuacións de mellora da conexión Lugo-Monforte-Ourense, incrementará os servizos e as frecuencias ferroviarias de Lugo?
5. Atenderá as necesidades de transporte ferroviario de Lugo non só para a conexión con Madrid senón tamén a conexión interna con outras vilas e cidades galegas?
6. Cal é o horizonte temporal que prevé o Ministerio para terminar as obras de renovación da liña Lugo-Monforte-Ourense?

Madrid, a 23 de xuño de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la supresión del Intercity con salida de Lugo a las 8:45h.**

Durante su visita a Lugo el pasado 14 de junio el Ministro de Transportes anunciaba la recuperación de la circulación ferroviaria entre Ourense y Lugo a partir del 24 de junio, un tramo que permanecía cerrado debido a las obras de electrificación y mejora en la línea, una actuación recogida en el Acuerdo de Investidura firmado por el BNG en la pasada legislatura.

Asimismo, explicó que se iban a sustituir los trenes Intercity de Renfe por “un servicio de Alvia” que, según dijo, “iba a permitir que la conexión con Lugo sea a más velocidad”. Este anuncio parecía positivo, pues permitiría una mejora en la conexión y que esta fuera más ágil. Sin embargo, el Ministerio lo que va a hacer es eliminar el servicio de Intercity de las 8.45h cara Madrid, pero sin el relevo prometido.

El Ministerio alega que el servicio queda cubierto al restituir ahora el Alvia de las 10:50 que había sido suprimido debido a las obras en la estación de Clara Campoamor Chamartín para ampliar la playa de vías.

Este cambio lo que hace y empeorar los servicios y dificultar los enlaces. El Intercity de las 8.45h permitía conectar en Ourense con el Ave de las 11:12 h. Ahora, solo será posible coger el tren procedente de A Coruña y que sale de Lugo a las 8.54h. Pero este tren para en Monforte donde hay que coger un bus hasta Ourense. Los usuarios y usuarias saben que el tren hasta Monforte



circula con demora por los trabajos que se están desarrollando de renovación de la vía, con el cual no se asegura llegar a tiempo al Ave en Ourense.

En este sentido, el Ministerio debería haber analizado todos estos elementos antes de adoptar decisiones como la eliminación de servicios cuando no se asegura los enlaces con otros servicios y cuando la mejora de la infraestructura entre Lugo-Monforte y Ourense está sin terminar.

Nos hemos dirigido en numerosas ocasiones en los últimos meses al Ministerio debido a los constantes problemas de recortes en los servicios que sufren los lugueses y luguesas como sucedió con la supresión del servicio de autobús que trasladaba a Lugo a los viajeros que llegaban a Ourense en el AVE de las 23 horas. Afortunadamente, la presión política y social obligó a Renfe a rectificar y restituir el servicio.

Existe un gran déficit en materia de infraestructuras en Lugo, especialmente ferroviarias. Las distintas comarcas de Lugo y la propia ciudad quedaron fuera del mapa de modernización ferroviaria, pero no se puede tolerar la perpetuación de esta situación de precariedad. Además, en este momento, Lugo sigue contando con menos servicios que antes del inicio de la pandemia, cuando se eliminaron trayectos como el tren nocturno de Lugo a Barcelona, que también daba servicio la otras vilas como Monforte, San Clodio y O Barco, entre otras.

Asimismo, la planificación realizada por RENFE de los servicios ferroviarios durante los trabajos de mejora y electrificación se ha demostrado que fueron desastrosas y no garantizan la adecuada movilidad de las personas usuarias. Las mejoras de las infraestructuras que son necesarias desde hace años tienen que ir acompañadas de mejores conexiones y más frecuencias, no eliminando servicios. Puede entenderse que en este tiempo en que se están realizando las obras se había debido haber cerrado la circulación y que se produzcan retrasos, pero lo que no resulta admisible es que no se haga una planificación racional y seria de los servicios y que se opte por la eliminación de servicios como el mencionado en lugar de por la ampliación.



Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Rectificará el Ministerio la decisión de suprimir el Intercity que sale de Lugo a las 8.45h por ser una medida que reduce los servicios y dificulta las conexiones para las personas usuarias de Lugo?
2. ¿Por qué decidió suprimir un servicio sabiendo que se dificulta que los lugueses y luguesas lleguen a tiempo al enlace del AVE que sale de Ourense a las 11.12 h?
3. ¿Repondrá los servicios y frecuencias existentes antes de la pandemia?
4. ¿Ha previsto que, una vez finalizadas las actuaciones de mejora de la conexión Lugo-Monforte-Ourense, incrementará los servicios y las frecuencias ferroviarias de Lugo?
5. ¿Atenderá las necesidades de transporte ferroviario de Lugo no solo para la conexión con Madrid sino también la conexión interna con otras villas y ciudades gallegas?
6. ¿Cuál es el horizonte temporal que prevé el Ministerio para terminar las obras de renovación de la línea Lugo-Monforte-Ourense?

Madrid, a 23 de junio de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso